

OS MARMURIOS DO NADAL

Cando aínda non chegou Nadal o tempo tíntase para se voltar diferente e as cores deixan xa de seren monotonía para se converter nun mosaico policromado da nosa ollada atenta e perenne sobre o que nos abala nese intre de reflexión propia onde hai lugar para se ver diferente.

Morreu o outono coma un ente tempóreo que tiña luz de seu e tornou o vento e o ceo mudou como o fixeron as árbores da ribeira que se aprecian no teu belén de neno que non o deixaches de ser para así inzar de vida esta nova etapa, este chegado preludio de devezos e xuntanzas por unha causa ou outra.

A caída da neve sobre os teitos que a agardan no teu begontín lar de belén ten son acalado e pousante, lixeiro, fresco que non molesta e enche de gosto a quen o agarda e escoita ata que logo pasa a ser pinga sen son por caír sobre un chan de lá.

O inverno asoma a súa bruaxe que semella iscar e erguer as casas do teu poblado que nunca caíu porque ti non quixeches; mais, que ventoada para recordar cos de recén cando fagan pé neste chan de homes



XOSÉ LUÍS
OTERO CEBRAL

*Begonte ten un
belén no corazón
da Terra Chá
para que sexa
escoitado o seu
nome e visitado
o lugar*

xa devanceiros e mermados polas moitas bruaxes sufridas. “Ata que o corpo aguante”, dirá a nova criatura que aínda non abriu por si mesma a boca. O curioso pasa a ser o dominio que ten a noveza destas circunstancias que nunca tivo ocasión se vivir.

Os chaparróns non se fan de agardar e os ríos en belén acogulan e terman para non se emborcar e desaugar sobre todo o que pasa a ser lodo e deixa un son de tristidume ao seu paso que contén o fin entre a vexetación e os seres inzados na maleza cando algo así ten que pasar.

Que sons tan fortes e estraños os que ten que solventar no seu berce cada chegado neno por nadal, coma se lle tocara vivir unha experiencia de noxo, de repudia ao que se lle pega por non

ser esta a
condición
dos seus
iguais.

Begonte
ten un belén
no corazón
da Terra Chá

para que sexa escoitado o seu nome e visitado o lugar neste tempo de aturuxos, pandeiros e gaitas que andan dun recanto a outro a vila sobre os carros que dende tempos inmemoriais intentaron transmitirnos este seu chirriar de cando andaban na facenda polos eidos e terruños dos confinados veciñais con ese seu canto que nos avisa de que hai que se botar fóra e acompañar ao cortexo real cando por reis toca patear as estradas deste pobo que nunca deixou de soñar.

Sons que van e veñen entre os astesáns da madeira,

da pedra que ten arte en Vamonde, da man do amigo Víctor Corral ao apego do lume cazoleiro do restaurante *O Labrador* e da vila que é leito de remanso e paso

obrigado deica Lugo e as paraxes que abeiran o seu río enxordecedor de notas musicais dende Meira ata A Garda para logo seguir pondo música a O Rosal.

Fervenzas naturais feitas sobre o teu portal alí onde Begonte di ano tras ano que ten o seu portal sempre inmerso no ouco que para ilo ideou o seu creador don Xosé Domínguez Guizán. Augas caídas que amamantan os seres máis insignes da humanidade coma invisibles e opacos na maleza da creatividade, alí sempre agochados entre as meniñas da mitoloxía que os vaia recuperar.

Paixón e estremecemento causa o ruído do trono que atolda os manantiais e pon escureza no poboado onde Xesús disque foxe para non os escoitar. Tremendo alporicio o que se arma ante o máis tenro e ledo pobo ideado pola humanidade.

Reventan as tuberías do lugar cando o xeo a auga non deixa pasar e os manantíos escachan para se abrir paso sobre novos sucos que por forza fan ante ese esbouro que agora a terra abre como tamén o fai o día.